



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

galicia



FUNDACIÓN EMPRESA - UNIVERSIDAD GALLEGA

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERIA DO
MAR E A FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDADE GALEGA
(FEUGA).**

Convenio de Colaboración entre A Consellería do Mar e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) para o deseño e redacción da proposta dunha Guía para a realización de plans de vixilancia ambiental das granxas mariñas terrestres.

En Santiago de Compostela, 14 de xullo do 2016, na sede da Consellería do Mar.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Juan Carlos Maneiro Cadillo, en calidade de Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, por delegación da conselleira, en virtude das facultades delegadas que lle confire a Orde de 30 de marzo de 2012, da mesma consellería, publicada no DOG nº 70, do 12 de abril, e de conformidade co Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

Doutra parte, Don , Director Xeral da Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA), con , e sede na en Santiago de Compostela, no seu nome e representación con poderes suficientes para a celebración deste acto segundo o disposto na escritura de poder de data 19 de Outubro de 2009, autorizada perante o notario de número de protocolo 963.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigárense neste convenio, e a tal efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

Que a Lei da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación do 1 de xuño de 2011 (Lei 14/2011) e a Lei de fomento da investigación e da innovación de Galicia do 30 de maio de 2013 (Lei 5/2013), constitúen un marco de referencia para promover a colaboración entre os axentes públicos e privados dos Sistema de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación co fin de dar unha resposta eficaz ás esixencias do cambio tecnolóxico e do desenvolvemento económico sostible. Especificamente, o art. 34-1º-c) da Lei 14/2011 prevé a posibilidade de celebrar convenios de colaboración suxeitos ao dereito administrativo, ben polos propios axentes públicos entre si, ou estes con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, sexan nacionais, supranacionais ou estranxeiros, co fin de realizar conxuntamente diferentes actividades como, entre outros, proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación.

SEGUNDO.-

Que o estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no artigo 27.15 a competencia exclusiva en materia de pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura. Neste sentido o artigo 3.3 da lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúen dentro das competencias da Comunidade autónoma de Galicia as relativas ao exercicio da acuicultura que se desenvolvan en terra, na zona marítimo-terrestre, nas augas marítimas interiores, no mar territorial e na zona económica exclusiva correspondente ó litoral de Galicia.

A Estratexia Galega de Acuicultura (ESGA), ten como obxectivo fundamental e básico dotar á actividade acuícola en Galicia dun modelo de desenvolvemento dinámico, sostible, equilibrado e de calidade nos aspectos ambientais, sociais e económicos así como o relanzamento da acuicultura de forma que esta cree emprego e riqueza dunha forma equilibrada co respecto e a integración ambiental.

A Estratexia Galega da Acuicultura, ESGA constitúe polo tanto un documento de articulación e organización que establecerá a planificación e xestión da actividade acuícola en Galicia de cara o horizonte do ano 2030, co obxecto de conseguir un equilibrio e viabilidade da acuicultura en termos ambientais, sociais e económicos,

cuxo carácter integral vai facer que se consiga avanzar en todos o campos que manteñen ligazón coa actividade acuícola galega.

TERCEIRO.-

Que a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA), constituída o 11 de abril de 1983, é unha fundación cultural de interese galego, recoñecida pola Orden do 1 de agosto de 1984, DOG nº 206, do 26 de outubro de 1984), e inscrita no Rexistro de Fundacións da Xunta de Galicia co número 155. O texto modificado e adecuado dos seus estatutos á Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, foi aprobado polo padroado na súa reunión do 17 de decembro de 2008, protocolizados ante Notario de Don co número 36 do 13 de xaneiro de 2009.

CUARTO.-

Que FEUGA é unha entidade de dereito privado, sen ánimo de lucro, fundada polas tres Universidades Galegas e as entidades públicas e privadas, Cámaras de Comercio e Confederacións empresariais asinantes da súa carta Fundacional. Os seus fins diríxense ao desenvolvemento da economía e da sociedade de Galicia e as súas actividades están orientadas ao fomento das relacións empresa-universidade como ingrediente básico do incremento dos niveis de formación, de desenvolvemento tecnolóxico e da competitividade das empresas galegas contando entre os seus obxectivos principais contribuír a mellora das capacidades empresariais, a aplicar nas empresas os coñecementos e tecnoloxías dispoñibles nas Universidades e mellorar a formación e cualificación dos recursos humanos.

QUINTO.-

Que, a Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, ten interese en que as instalacións de acuicultura realicen unha actividade sustentable compatible coa conservación dos valores ambientais e sociais do noso litoral.

SEXTO.-

Que FEUGA é unha entidade independente e sen ánimo de lucro na que participan investigadores e técnicos de valía profesional e prestixio recoñecido, posuíndo os

medios técnicos adecuados para levar a bo fin as actividades mencionadas, e contando cunha ampla e acreditada experiencia en estudos e traballos similares aos que constitúen o obxecto deste convenio.

Por todo o exposto, as partes consideran a conveniencia de formalizar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto:

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) e a Consellería do Mar, para levar a termo actuacións conxuntas tendentes á dirección científica, coordinación e soporte técnicos que permitan acadar guías que sirvan de orientación ou apoio ao sector para elaborar os correspondentes Plans de vixilancia ambiental das granxas mariñas terrestres. Para tal fin, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- Realización do estudo sobre “Ecotoxicidade e persistencia tóxica das verteduras das granxas mariñas terrestres”.
- Deseño e redacción dunha proposta sobre: “Guía para a realización de plans de vixilancia ambiental das granxas mariñas terrestres”

SEGUNDA.- Compromiso das partes:

A Consellería do Mar, asume os seguintes compromisos:

- a) Exercer a supervisión, e seguimento dos traballos e estudos obxecto deste convenio, a cuxo efecto designará un/a técnico/a, que será o interlocutor entre a Consellería e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA).
- b) Subministrar e facilitar toda a información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso.
- c) Aportar as cantidades estipuladas na cláusula cuarta.

A Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) asume os seguintes compromisos:

- a) Cumprir cos obxectivos, executar as accións e realizar as actividades previstas no Anexo I
- b) As accións que leve a cabo FEUGA serán realizadas por un equipo baixo a dirección científica dun/dunha catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, con experiencia en materia de Ecotoxicología (Biomonitorización Ambiental) que actuará coma interlocutor/a fronte á Consellería do Mar.
- c) Elaborar os documentos das Guías para realización de Plans de Vixilancia Ambiental, que se formularán cunha base científica.

TERCEIRA.- Comisión mixta de seguimento

Para o seguimento do presente convenio establecerase unha comisión mixta na que participarán por parte da Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA), un representante designado ao efecto, e dous representantes da Consellería do Mar nomeados para tal fin.

Esta comisión mixta será o órgano de vixilancia e control, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver as cuestións controvertidas que xurdan do seu desenvolvemento.
- b) Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobados polos órganos competentes.
- c) Seguimento das actividades previstas no presente convenio

A Comisión mixta de seguimento reunirase, previa petición de calquera das partes, e cando xurdan dúbidas ou controversias na aplicación e desenvolvemento das accións que constitúen o obxecto deste convenio.

CUARTA.- Financiamento

A Consellería do Mar, co fin de facilitar a execución conxunta das accións, e como compensación dos traballos e estudos realizados polo equipo científico aportado por Feuga, así como polos gastos nos que incorra, achegará durante o prazo de vixencia do convenio a cantidade total de Corenta e nove mil cento noventa e tres euros e setenta e seis céntimos (49.193,76 €), 21% IVE incluído.

O libramento desta cantidade farase en tres etapas:

- a) O 30% (14.758,13 €, 21% IVE incluído), á sinatura do convenio e como compensación dos gastos inherentes ao comezo dos estudos e traballos, previa presentación dunha memoria descritiva da metodoloxía que se aplicará nas accións que constitúen o obxecto do convenio.
- b) O 30% (14.758,13 €, 21% IVE incluído), aos tres meses, previa presentación dunha memoria pormenorizada dos estudos e traballos realizados en aplicación do obxecto do convenio.
- c) O 40% (19.677,50 €, 21% IVE incluído), restante, ao remate de ditos estudos e traballos, que coincidirá co remate do prazo de vixencia do convenio, e previa presentación da memoria final xustificativa das accións realizadas ao abeiro do obxecto do convenio.

Estas cantidades faranse efectivas na conta bancaria co seguinte IBAN nome de “Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA)” en ABANCA, no prazo máximo de sesenta (60) días dende a emisión da factura por parte de FEUGA e previa prestación de conformidade das mesmas por parte da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, con cargo á aplicación orzamentaria 2016.14.02.723A.640.2 “Estudos e proxectos”, código de proxecto 2015 00600 “Desenvolvemento do ESGA”, dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2016, sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse pola súa propia natureza como un investimento de carácter inmaterial que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Mar.

Previamente a efectuarse ditos pagos, FEUGA deberá presentar certificacións actualizadas que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes contraídas coa Administración de

Xunta de Galicia. Ditas certificacións expediranse, respectivamente, pola Axencia Tributaria de Estado, pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e pola Axencia Tributaria de Galicia.

QUINTA.- Propiedade intelectual

En todos os estudos e traballos que se realicen froito do presente Convenio aparecerán como coautores a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) e a Consellería do Mar, agás renuncia expresa dalgunha das partes.

En todo caso, atendendo á natureza de obra colectiva dos estudos e traballos froito do presente convenio, recoñecerase a contribución persoal do equipo científico (Grupo Ecotox-USC) que levará a cabo os traballos, baixo a dirección do Dr catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, que consonte á cláusula segunda intervirá na execución do obxecto do presente convenio.

A Consellería do Mar resérvase o dereito de aparecer como coautor dos estudos e traballos resultado da execución do convenio.

En todos os documentos que se xeren como consecuencia deste convenio debe figurar de xeito expreso que está financiado pola Xunta de Galicia, e consignaranse os símbolos da Xunta de Galicia e da Consellería do Mar.

Calquera que sexa o medio de difusión, ámbalas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

En calquera caso a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización dos estudos e traballos, en actividades propias da súa función investigadora.

SEXTA.- Vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2016.

As actividades a desenvolver no marco do presente convenio realizaranse durante o ano 2016. Iniciaranse ao día seguinte á sinatura do Convenio e rematarán antes do 31 de decembro de 2016 coa presentación ante a Consellería do Mar da guía e estudos

correspondentes aos plans de vixilancia ambiental de granxas mariñas terrestres executados.

Non obstante, poderá prorrogarse se ámbalas partes, á luz do informe de execución emitido para tal efecto pola comisión de seguimento, así o consideran de mutuo acordo para o cumprimento íntegro dos termos do convenio. Tal prórroga deberá formalizarse antes de que chegue a data do remate da vixencia do convenio.

A prórroga materializarase mediante a subscrición dunha addenda ao convenio que levará data anterior ao 31 de decembro de 2016.

SÉTIMA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería do Mar, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

OITAVA.- Modificación, denuncia e resolución do convenio.

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Non obstante o anterior, deberán ultimarse os estudos e traballos que, nese momento, estean en plena fase de execución.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial do seu clausurado.
- b) O transcurso do tempo sen rematar as actividades acordadas.
- c) Por resultar inviable a realización das actuacións descritas neste Convenio por causas non imputables ás partes.
- d) A denuncia de calquera das partes

e) O mutuo acordo.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ao reintegro total ou parcial das cantidades recibidas.

NOVENA.- Natureza do convenio

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4.1 d) do texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación como consecuencia de non atoparse incluído o seu abxecto dentro de ningunha das modalidades contractuais reguladas no devandito texto refundido. Este convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº82, do 30 de abril), e demais normativa de aplicación.

DÉCIMA.- Rexistro de convenios

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

UNDÉCIMA.- Xurisdición

De conformidade co disposto expresamente no artigo 4.2 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, ao presente convenio seranlle de aplicación os principios da norma anteriormente indicada para a resolución das dúbidas e lagoas que puidesen presentarse para o seu efectivo cumprimento.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable, no seo da comisión mixta de seguimento prevista na cláusula terceira, calquera desacordo ou controversia que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio. As cuestións litixiosas que

poidan xurdir na interpretación ou no cumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola comisión de seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

En proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes asínano e rubrican por duplicado exemplar no lugar e data enriba sinalados.

Pola Consellería do Mar

Pola Fundación Empresa-Universidade
Galega (FEUGA)

A CONSELLEIRA

PD Orde 30 / 03 / 2012, DOG. n.º 70,
do 12/04/2012; DA 6ª, Decreto
129/2015 de 08/10/2015)

O director xeral de Pesca, Acuicultura
e Innovación Tecnolóxica

Director Xeral

Juan Carlos Maneiro Cadillo

D.

ANEXO I. -PLANS DE VIXILANCIA AMBIENTAL DE GRANXAS MARIÑAS TERRESTRES

FITOS	Importe
Realización do estudo sobre <i>“Ecotoxicidade e persistencia tóxica das verteduras das granxas mariñas terrestres”</i>. Estudáranse as verteduras de polo menos 5 granxas mariñas galegas. Aplicarase unha batería de probas ecotoxicolóxicas a tres niveis biolóxicos (proba de fluorescencia bacteriana; proba de microalgas; proba de larvas de ourizo). As probas realizaranse coas mostras das verteduras en fresco (t_0) e despois de 3 períodos de degradación (t_3, t_5 e t_{10} días). O número de bioensaos a realizar terá en conta o número de réplicas, os gradientes de dilución das verteduras e os controis necesarios.	39.201,28
Deseño e redacción dunha proposta sobre: <i>Guía para a realización de plans de vixilancia ambiental das granxas mariñas terrestres”</i>	9.992,48
Total (21% IVE incluído)	49.193,76